

# AGRICULTURA ECOLÓXICA E CONSERVACIÓN DO ECOSISTEMA AGRARIO TRADICIONAL NA LIMIA

Manuel García\*

*O agro tradicional proporcionou alimentos e outros bens necesarios de xeito continuado durante séculos, grazas á sabedoría acumulada xeración tras xeración. Os labregos souberon crear un sistema cíclico e autosuficiente en perfecta harmonía coa natureza. Unha obra de arte cun valor monumental moi pouco valorado e respectado polo "galego sapiens" das últimas décadas, obsesionado forzosamente cara a un produtivismo insustentábel de nefastos efectos secundarios para o medio ambiente, a saúde dos consumidores e do propio agricultor.*

Na Galiza, o sistema derivou (por causas histórico-sociais que permitiron un masivo acceso á propiedade da terra) no famoso minifundio, tan vilipendiado e condenado por todos os tecnócratas como o máximo responsable do atraso do campo galego, ignorando por completo os seus aspectos positivos.

Esta visión negativista, o éxodo rural, os incendios, as concentracións parcelarias, o monocultivo e a agricultura química, puxeron en perigo de extinción un ecosistema de grande biodiversidade e grande beleza paisaxística, que paradoxicamente é utilizado como imaxe de *marketing* polos propios responsábeis da súa destrución.

Temos bos exemplos destes ecosistemas en todo o País: Terra Chá, a Mariña lucense, Os Ancares, Ribeira Sacra, etc... Pero eu quixera describir brevemente, máis que nada por nacer e medrar dentro del, o ecosistema agrario tradicional da Limia.

## O ECOSISTEMA AGRARIO DA LIMIA

Esa Limia foi recoñecida noutros tempos pola calidade das súas patacas e do gando (a vaca limiá) que pastaba nas súas veigas; tamén, como non, pola súa riqueza faunística que proliferaba ao amparo das zonas húmidas espalladas por toda a chaira.

O sistema agrario harmonizaba de tal xeito coa natureza que se confundía con ela mesma. O núcleo principal deste sistema agrario constituíano as prazas de labradío onde estaban as terras máis fértils dedicadas basicamente a patacas e centeo. Eran amplos espazos con pouco arborado, servidos e delimitados por amplos camiños arborados.

Despois das prazas e xa en terreos moi húmidos, atopámonos coas zonas de prados, sempre enmarcados por sebes de carballos, vidos, amieiros, freixos, ence-



Sistema de regadío tradicional nos prados.


biños e salgueiros, todos eles representantes do antigo bosque autóctono. Estes prados dispuñan dunha intelixente rede de regadío que permitía filtrar os sales minerais e materia orgánica que arras-

traban as augas que baixaban da montaña. Esta técnica de fertilización natural facía medrar unha herba vizosa que era segada a principios do verán para conseguir o feno có que se alimenta o gando no inverno.

Xa na marxe e paralelamente ao río Limia, sitúanse as famosas "veigas da Limia", extensos pasteiros comunais que están asolagados boa parte do ano e nos que pacía conxuntamente todo o gando das parroquias correspondentes (Ordes, Sainza e Congostro), en convivencia pacífica con cegoñas, lavercas, avefrías, rapinas, ras, etc...

Os terreos máis pobres e secos, polo xeral na montaña, deixábanse para touzas e cortiñas, dedicadas á leña e ao cultivo do toxo que, unha vez estrado nas cortes, producía o esterco, principal fertilizante utilizado tradicionalmente.

E, por último, xa preto das aldeas e mesmo ao pé das casas, situábanse as hortas, eixidos e navás, dedicadas principalmente a millo, patacas, verzas, fabas, cabazos, etc..., e que estaban dotadas dun eficaz sistema de regadío.



Camiños, sempre entre carballos.



Cabalos pastando nas veigas da Sainza.





Cultivos de brócoli e acelga en agricultura ecolóxica.

En definitiva, o labrego tradicional limiao, como os do resto de Galiza, sabían aproveitar ao máximo a vocación de cada solo sacando o mellor rendemento co mínimo esforzo.

### A CONCENTRACIÓN PARCELARIA NA LIMIA

Por desgraza, todos estes valiosos sistemas agrarios están degradándose ou desaparecendo por completo debido o abandono da actividade agraria e gandeira, pero principalmente, e como xa pasou na case totalidade da chaira limiá, por causa das nefastas obras de concentración parcelaria que crearon unha infraestrutura cuadrículada de grandes parcelas que induciu ao agricultor a unha produción baseada no monocultivo, de moi dubidoso futuro e devoradora de grandes cantidades de produtos químicos e pesticidas que contaminan a maior riqueza da Limia, o seu acuífero. En fin, unha desfeita moi grande e moito diñeiro público gastado a cambio de moi pouco, pois non se acadou un dos obxec-

tivos máis importantes das obras que era frear o éxodo rural.

Pero non toda a Limia está dominada polos "campos de concentración", o ecosistema de Rairiz de Veiga resiste ao asedio dos burócratas e "buldocers" de Tragsa. E a pesares de que a antiga Consellería nacionalista do Medio Rural puxo en marcha dúas concentracións parcelarias, unha delas en plena Reserva da Biosfera, que agardemos sexan feitas coa máxima sensibilidade e respecto natural, pois afectan á última testemuña viva do que era o sistema agrario na Limia.

### A ALTERNATIVA ECOLÓXICA

A agricultura e a gandería ecolóxica pode ser unha boa oportunidade e a máis eficaz fórmula para valorizar e recuperar o sistema agrario tradicional de Rairiz de Veiga, demostrando que se pode crear riqueza sen necesidade de destruír unha herdanza irrepetíbel e marabillosa que debemos preservar a toda costa.

Iniciativas reais e consolidadas como a da Cooperativa de agricultura ecolóxica DAIQUÍ pode ser un bo exemplo de cara a onde debemos camiñar.

Temos que recuperar as cousas boas da nosa cultura labrega pero non só para expoñelas, como é o costume, penduradas das paredes dun museo etnográfico onde todo está "morto". Eu gusto máis dun museo vivo interactivo e real onde a fusión da sabedoría tradicional, xunto cos coñecementos e tecnoloxías máis modernas, permitan a potenciación dun sistema produtivo rendíbel para os seus habitantes e sustentábel no tempo.

Para acadar esta meta fai falla atraer e motivar os poucos mozos e mozas que van quedando nas aldeas con cursos de formación que lles abran os ollos respecto das posibilidades e aspectos positivos da agricultura ecolóxica.

Cómpre tamén mudar a imaxe pexorativa que ten a sociedade galega sobre o traballo rural, dignificando e valorizando a profesión de labrego, non só como garante da autosuficiencia alimentaria do País, senón tamén como coidadores da paisaxe, da saúde do ambiente e das persoas.

A axuda institucional, tanto económica como formativa, é primordial na incorporación de novos labregos e labregas. Tan importante como o apoio á produción é a promoción e dinamización dun mercado propio onde galegos e galegas consuman conscientemente os alimentos producidos polos seus estimados labregos. Lembremos que quen ten un bo labrego non precisa dun bo doutor.

\* Manuel García é presidente do Movemento Ecoloxista da Limia.  
+ info: en Cerna nº 36



# OS ALIMENTOS ECOLÓXICOS SON FÁCILES DE CONSEGUIR!

## LABREGOS DAIQUÍ

### LÉVACHOS A CASA

Colabora cós labregos e labregas da túa terra

988 302 171

637 583 082

637 583 083

daiquiourense@hotmail.com

**www.daiqui.com**